



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL E A FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS DE DÉFICIT DE ATENCIÓN E HIPERACTIVIDADE **(FEGADAH)**.

Antecedentes

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Neste sentido, tanto na normativa educativa estatal, impulsada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, como no desenvolvemento curricular estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia, faise explícita a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entre o que se sitúa o alumnado con TDAH.





A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, na redacción dada ao seu título II pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, recoñece *“que as administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional”*, e, para iso, deberán asegurar os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir *“apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas”*.

Razóns de oportunidade

O desenvolvemento da normativa antes citada aconsellan iniciar unha liña de colaboración entre as dúas institucións asinantes do convenio en aras a beneficiar con esta colaboración ao alumnado con TDAH de todas as etapas e niveis regulados pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, escolarizado nos centros docentes dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, así como ao profesorado e ás familias do alumnado con TDAH.





Obxectivos perseguidos

As principais finalidades do convenio son:

1. Establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, e a FEGADAH, nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con TDAH na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Colaborar na sensibilización e na difusión de materiais e documentos que permitan un maior coñecemento das circunstancias específicas asociadas ao alumnado con TDAH no eido educativo.
3. Promover na formación permanente do profesorado, que se desenvolve por medio das estruturas de formación e nas distintas modalidades formativas, a colaboración da FEGADAH nas accións relativas á atención á diversidade e na formación do profesorado que atende a alumnado con TDAH.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela.

O secretario xeral de Educación e Formación Profesional

Asdo.: Jose Luis Mira Lema

